



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### PONTECESO

##### Secretaría

*Delegación de atribucións en concelleiro*

##### ANUNCIO

Dáse publicidade a resolución de Alcaldía núm. 362/2026, ditada o 11 de xuño de 2026, que na súa parte dispositiva di:

“**Primeiro:** Modificar o contido substancial das facultades de xestión da delegación conferida polo decreto número 558/2023, de data 06-07-2023, ao concelleiro de “Obras, Infraestruturas, Urbanismo, Festexos e actos públicos” e segundo tenente de alcalde, **D. CONSTANTINO FERNÁNDEZ VILA.**

**Segundo:** As facultades e atribucións serán as previstas no citado decreto, ademais das seguintes:

- a) Aprobar e resolver expedientes das áreas relativas á materia de festexos
- b) Resolver os recursos que poidan derivarse das resolucións anteriores.

**Terceiro:** O presente decreto surtirá efecto dende o día da súa firma, sen prexuízo da súa preceptiva publicación no Boletín Oficial da Provincia, e no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal, debéndose notificar persoalmente ao destinatario da delegación, aos efectos do previsto no artigo 114 do ROF que esixe, para a eficacia da mesma, a súa aceptación por parte do delegado, entendéndose tacitamente aceptada se no termo de tres días hábiles non fai manifestación expresa ante o órgano delegante de que non acepta a delegación.

**Cuarto:** A Alcaldía, en calquera momento, poderá asumir as atribucións delegadas na presente resolución, sen prexuízo da súa avocación, conforme á lexislación de procedemento administrativo común.

**Quinto:** Nas resolucións e actos adoptados polo concelleiro delegado nesta materia deberase facer referencia expresa a este decreto de delegación e ao seu número de rexistro, así como a autoridade de procedencia, de conformidade co artigo 9.4 da Lei 40/2015, de 2 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

**Sexto:** Dar conta ao Pleno da Corporación na seguinte sesión que se celebre”

O que se publica para xeral coñecemento.

Ponteceso, 12 de xuño de 2026

O alcalde,

José Manuel Mato Martínez

2026/4037